

**Consellería de Cultura e Xuventude**

*Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica.*

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu capítulo 2º do título II, o réxime xeral de xestión, recadación e recursos en materia de prezos públicos.

O artigo 12º da mencionada Lei sinala igualmente que os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería da que dependa o órgano ou entidade oferente.

Por outra parte, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de arquivos e museos de interese para Galicia, en virtude do disposto polo Estatuto de autonomía de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.28 da Constitución. Así mesmo, a Comunidade Autónoma asumiu a xestión dos arquivos e museos de titularidade estatal sitos no seu territorio, en virtude do convenio asinado o 5 de decembro de 1989 co Ministerio de Cultura.

Sendo, pois, necesario regula-la percepción dos prezos públicos por servicios efectuados nos arquivos e museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Cultura e Xuventude, na súa reunión do día doce de novembro de mil novecentos noventa e dous,

**DISPÓN:****TÍTULO PRELIMINAR.****Artigo 1º —Obxecto.**

O presente decreto ten por obxecto a fixación dos prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica.

**TÍTULO I.**

Prezos públicos percibidos nos arquivos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade Autónoma.

**Artigo 2º —Clases de prezos públicos percibidos nos arquivos.**

Establécense os seguintes prezos públicos nos arquivos:

- a)—Copias de documentos.
- b)—Buscas.
- c)—Autorización para publicar fotocopias.

**Artigo 3º —Copias.**

Para os efectos deste decreto constitúen copias de documentos as reproducións de documentos depositados

nun arquivo mediante a utilización de sistemas mecánicos ou automatizados, realizada con fins non venais.

**Artigo 4º —Buscas.**

1. Constitúen buscas as localizacións de documentos non sinaturados por petición dun particular.

2. Serán gratuítas as buscas realizadas por petición de calquera institución pública ou dun particular cando a localización afecte a dereitos fundamentais del.

**Artigo 5º —Autorización para publicar fotocopias.**

Expedirase autorización para publicar fotocopias de documentos custodiados nun arquivo de titularidade autonómica ou xestionado pola Comunidade Autónoma sempre que o petionario non teña ánimo de lucro e a súa intención sexa de investigación ou con ánimo cultural.

**TÍTULO II.**

Prezos públicos percibidos nos museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade Autónoma.

**Artigo 6º —Clases de prezos públicos en museos.**

Establécense os seguintes prezos públicos que se percibirán nos museos de titularidade autonómica e nos museos xestionados pola Comunidade Autónoma:

- a)—Entrada.
- b)—Copias.

**Artigo 7º —Entradas.**

Nos museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade Autónoma percibirase o prezo das entradas, durante as horas habitualmente establecidas, dos estranxeiros non pertencentes á Comunidade Económica Europea non residentes en España, e dos pertencentes á Comunidade Económica non residentes que sexan maiores de vinte e un anos.

**Artigo 8º —Copias.**

Para os efectos deste decreto, constitúen copias de pezas de museos as reproducións dos obxectos depositados nun museo mediante calquera sistema.

**TÍTULO III.****Tarifas.****Artigo 9º —Tarifas de arquivos.**

Os prezos públicos esixiranse nos arquivos de titularidade autonómica e xestionados pola Comunidade Autónoma de acordo coas seguintes tarifas:

- 0.1. Copias.
  - 0.1.1. Fotocopias: por cada folio:
    - A4: 12 ptas.
    - A3: 18 ptas.
  - 0.1.2. Listado de ordenador.
    - Por cada páxina: 12 ptas.
  - 0.1.3. Copia en diskette.

—Diskette de alta densidade:

3 1/2: 250 ptas.

5 1/4: 175 ptas.

—Diskette de dobre densidade:

3 1/2: 175 ptas.

5 1/4: 115 ptas.

—Por cada unha das páxinas: 12 ptas.

0.1.4. Microfilms.

—Por cada fotograma de 35 mm: 10 ptas.

—Por cada fotograma de 16 mm: 6 ptas.

—Reproducción en papel de un fotograma: 12 ptas.

0.1.5. Fotografía.

—Positiva 18×24: 250 ptas.

—Positiva 24×30: 300 ptas.

0.2. Buscas.

—Hora empregada: 260 ptas.

0.3. Autorización para publicar fotocopias: 138 ptas.

Artigo 10º —Tarifas en museos.

Os prezos públicos esixiranse nos museos de titularidade autonómica e xestionados pola Comunidade Autónoma de acordo coas seguintes tarifas:

0.1. Entradas: 200 ptas.

0.2. Copias.

0.2.1. Fotografía:

—Positiva 18×24: 250 ptas.

—Positiva 24×30: 300 ptas.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

A xestión, liquidación e recadación dos prezos públicos establecidos neste decreto axustaranse ó disposto no Decreto 172/1992, do 26 de xuño.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de novembro de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Daniel Barata Quintas  
Conselleiro de Cultura e Xuventude

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

Consellería da Presidencia e Administración  
Pública

*Orde do 23 de novembro de 1992 pola que se elevan a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo, polo sistema de promoción interna e de acceso libre, para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia.*

De conformidade co disposto nas bases IV e V da convocatoria para o acceso ó corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, levada a efecto por Orde do 24 de xuño de 1991 (DOG nº 127, do 5 de xullo de 1991), e remitida pola Dirección Xeral da Función Pública por proposta de opositores que superaron o proceso selectivo, elevada polo correspondente tribunal, esta consellería

#### RESOLVE:

1º.—Eleva a definitiva a correspondente proposta de opositores que superaron o proceso selectivo polas quenadas de promoción interna e de acceso libre, publicándose como anexo da presente resolución.

2º.—Os opositores que constan no devandito anexo deberán remitir, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no DOG, á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia e Administración Pública, os documentos a que se refire a base V da orde de convocatoria.

3º.—Contra a presente resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición perante esta consellería no prazo de un mes a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 1992.

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública